9. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 132/2016. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE CONTROL HORARIO DO PERSOAL DO CONCELLO DE RIANXO MEDIANTE O SISTEMA DE CONTROL DE PEGADA

A presidencia da conta da Resolución de alcaldía nº 132/2016, facilitada aos concelleiros, que textualmente di:

“O concello de Rianxo precisa contratar os servizos para a prestación do servizo de control horario do persoal, mediante o sistema de pegada .

En cumprimento do artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, existe a **necesidade administrativa de celebrar un contrato de servizos** que teña por obxecto a asistencia técnica “**CONTROL DE HORARIO DO PERSOAL DO CONCELLO DE RIANXO MEDIANTE O SISTEMA DE CONTROL DE PEGADA**” para a realización dos seguintes traballos:

Servizo de control e análises do tempo:

- 3 Centros de traballo e 100 usuarios**
- 3 Terminais de pegada dixital TRD-3**
- 2 Terminais de pegada dixital – hamster**

Os servizos concretos débense realizar e obrigáselle a prestar son:

- Xestión de solicitudes, permisos, licenzas e análogos presentados polo persoal municipal
- Consulta de fichaxes e solicitudes vía web
- Centro de Atención ao Usuario (CAU)
- Soporte parametrización de datos permanente
- Asesoramento legal, consultoría e formación continuada
- Instalación e servizo técnico continuo
- Identidade corporativa, incluíndo o idioma solicitado
- 3 terminais de pegada TRD-3
- 2 dispositivos de pegada hamster

O custo do servizo de control horario é de 297 €/mes máis o IVE (21%) de 62,37 €, o que resulta un prezo mensual de 359,37 € mensuais. Así mesmo, o segundo terminal de pegada hamster ten un prezo adicional de 120 € máis o IVE do 21% (25,20 €) resultando un total de 145,20 €.

Tendo en conta a insuficiencia e falta de adecuación dos medios persoais municipais para o desenvolvemento da tarefa descrita resulta necesario celebrar un contrato que teña dito obxecto, por un prazo de un ano.

Emitido pola Intervención municipal o certificado de existencia de crédito do 3 de febreiro de 2016 do gasto relativo á anualidade 2016, para celebrar este contrato.

O 05/04/2016 a Secretaría emitiu informe favorable á contratación.

Polo exposto e de conformidade cos artigos 111 e 138 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, urxe a continuación na prestación do servizo, motivo polo que en exercicio das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda do devandito corpo legal, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.

Adxudicar o contrato menor do servizo “**CONTROL DE HORARIO DO PERSOAL DO CONCELLO DE RIANXO MEDIANTE O SISTEMA DE CONTROL DE PEGADA**” (**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2016/001**) á MHP SERVICIOS DE CONTROL S.L., con CIF B-35664879, enderezo en Avenida Alcalde J. Ramírez Bethencourt 12 centro de oficinas Fuentemar, local 2-2ª - 35004, Las Palmas de Gran Canaria.

Os termos e condicións de prestación do servizo serán as seguintes:

- Xestión de solicitudes, permisos, licenzas e análogos presentados polo persoal municipal
- Consulta d0,00cme fichaxes e solicitudes vía web
- Centro de Atención ao Usuario (CAU)
- Soporte parametrización de datos permanente
- Asesoramento legal, consultoría e formación continuada
- Instalación e servizo técnico continuo
- Identidade corporativa, incluíndo o idioma solicitado
- 3 terminais de pegada TRD-3
- 2 dispositivos de pegada hamster

Así tamén de acordo a **Adenda nº 1 coas seguintes estipulacións:**

“PRIMEIRO: O Concello de Rianxo como responsable do ficheiro, e MHP, como encargado do tratamento dos datos sobre control de presenza do persoal, en virtude do contrato referenciado no encabezamento, declaran ter implantadas as medidas de índole técnica e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, con nivel de seguridade Básico, e evitar a súa alteración, perda, tratamento o acceso non autorizado, de acordo co artigo 9 da lei Orgánica de Protección de datos de Carácter Persoal e establecidas no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. No suposto en que o responsable do ficheiro pretendara tratar datos de niveles medio ou alto, con carácter previo e para que o encargado poida cumprir co disposto no artigo 12 da LOPD (medidas de seguridade), o responsable obrigase a comunicalo por escrito ao encargado de forma previa, aos efectos que se adapte as medidas de seguridade para o novo nivel dos datos a seren procesados.

As medidas de seguridade están recollidas no documento de seguridade formalizado documentado que contén as normas de carácter interno que regulan as funcións e obrigacións do seu persoal que no tratamento dos datos deba ter acceso a eles.

Así mesmo, MHP tratará os datos de conformidade coas instrucións do responsable do tratamento e só coas finalidades e os usos exclusivamente necesarios para o desenvolvemento da actividade de Control Horario e xestión de vacacións, licencias e permisos, e non os aplicará ou utilizará para fin distinto, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

SEGUNDO: MHP obrigase a non comunicar os ficheiros automatizados de datos de carácter persoal, ni ningún dato procedente de aqueles ficheiros, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas distintas do responsable do tratamento nin para un fin distinto ao que figure no presente Contrato, salvo que sexa requirido pola Autoridade Competente, ou polo titular do dato no exercicio do seu dereito de información, acceso, rectificación, cancelación u oposición garantido pola lexislación vixente en materia de Protección de Datos.

TERCEIRO: MHP garanta que manterá o maior estrito cumprimento do deber expreso de confidencialidade e de segredo profesional respecto dos asuntos do Concello de Rianxo durante a vixencia do presente contrato ou servizos e despois da súa conclusión.

CUARTO: MHP, durante e con posterioridade a vixencia deste contrato de servizos tratará toda a información propiedade do Concello de Rianxo de forma estritamente confidencial, tomando as medidas necesarias para que o seu contido non sexa divulgado a terceiros, nin poidan ter acceso a eles sen consentimento expresa do responsable do ficheiro.

MHP usará para o tratamento de datos, só persoal que se comprometeron a respectar a confidencialidade ou está suxeito a unha obriga legal de segredo.

QUINTO: Aos efectos do presente Contrato, terá a consideración de información confidencial toda aquela susceptible de ser revelada por palabra, por escrito o por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que sexa inventado nun futuro, xa sexa intercambiada como consecuencia desta relación contractual ou que unha parte indique ou designe como segredo a outra.

SEXTO: informase ao cliente que, segundo o artigo 4 da Lei 15/1999 de Protección de datos persoais, os datos recollidos polo terminal horario deben ser cancelados cando deixen de ser necesarios para a finalidade do cumprimento da xornada e horario, e para a finalidade de xestión de permisos, vacacións e licencias. A non ser que o cliente envía escrita a MHP outras instrucións motivadas pola normativa do Convenio de ámbito laboral ao que o cliente está suxeito, MHP cancelará os datos recollidos no terminal horario pasados dous (2) ANOS dende que quedaron rexistrados no terminal. No obstante, o cliente poderá en calquera momento, antes de transcorrido dito período, solicitar copia dos datos a MHP, e/ou solicitar a súa cancelación anticipada se entendera que a finalidade para a que están a ser recollidos deixou de existir. Xa cancelados, os datos serán bloqueados para que o seu tratamento se impida, e só está dispoñible para as Administracións Públicas, Xuíces e Tribunais. En calquera caso, serán automaticamente eliminados despois de catro anos dende que foron recollidos.

Non entanto, unha vez cumprida a prestación contractual, MHP procederá á destrución dos datos de carácter persoal, si transcorridos TRES MESES dende a finalización da prestación, o cliente non manifestou explicitamente a súa vontade de optar por devolve-los.

SÉTIMO: No caso de que o encargado do tratamento use os datos para outros fins, os comunique ou os use incumprindo as estipulacións do contrato, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións que houbera incorrido persoalmente.

SEGUNDO.

Autorizar e dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 9201.22799 (servizo de control horario) e 9201.62900 (subministro do segundo terminal de pegada hámster), de acordo coa distribución do prezo por contrato por anualidades é:

2016:	9201.22799	3.593,70 €
	9201.62900	145,20 €
2017:	9201.22799	718,74 €
Total:		4.457,64 €

Do prezo total, 3.684 € correspóndense co valor estimado e os 773,64 € restantes, co IVE do 21%

No caso de que, como consecuencia de modificacións no calendario da implementación do sistema de control ou análogas, a anterior distribución por anualidades non coincidise coa prevista, estas poderán reaxustarse pola Alcaldía.

A execución do gasto nos exercicios futuros condiciónase á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 9201.22799.

TERCEIRO.

Dispensar ao adxudicatario da constitución de garantía definitiva, en concordancia co estipulado no texto refundido da Lei de contratos do sector público, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura regulamentariamente emitida conclúe o expediente de adxudicación.

CUARTO.

Requirir a incorporación ao expediente, das facturas correspondentes, que deberá reunir os requisitos establecido na normativa aplicable.

QUINTO.

Nomear como responsable do contrato a D^a. María José Fungueiriño Tubio, dar traslado deste acordo á Intervención Municipal, a responsable do contrato e notificalo ao interesado.

SEXTO.

Notificarlle este acordo ao adxudicatario, dándolle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.

MOCIÓNS

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións.

10. MOCIÓN DE PROPOSTA DE EMISIÓN A TRAVÉS DE INTERNET DOS PLENOS DA CORPORACIÓN.

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 17

6 BNG

5 PP

4 PSdeG-PSOE

2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Rianxo en Común-SON

Resultado: Maioría Absoluta

Acordos:

Aprobada por unanimidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando hai agora cinco anos, en maio de 2011, a xente se concentrou nas prazas, expresaba basicamente o seu cansancio coa utilización espuria das institucións políticas e dos cartos públicos.

Este abuso non e causado, pero é posible por todo un entramado institucional que fai opaco á xente do común o proceso de toma de decisións. Así o entenderon a práctica totalidade dos partidos, que desde aquela data introduciron nos seus programas mediadas para mellorar a transparencia como un dos pasos necesarios para a rexeneración democrática.

A democratización das institucións é unha tarefa sempre inacabada, porque sempre é susceptible de ser mellorada, e debe ser implementada con múltiples e moi variadas medidas. Pero do que non hai dúbida é de que ten na información fiable e en tempo un dos seus alicerces.

É este o motivo polo que a nosa agrupación política somete hoxe a consideración do pleno a posibilidade de emitir estas sesións a través da internet. Esta é unha medida moi barata, porque ademais poderían utilizarse materiais que o concello xa ten ten, moi doada desde o punto de vista técnico, e que contribuiría a que quen quixera puidera acceder a información de primeira man.

Permitiría que os veciños puideran saber que iniciativas presenta cada grupo, como as argumentan, que marxe de acordo conceden, etc Ó mesmo tempo, e non menos importante, o feito de que estas emisións poderían ser re-visualizadas contribuiría a reducir as posibilidades de desfiguración do que aquí sucede, ben sexa consecuencia das deformacións non intencionadas propias das sucesivas transmisións, ben sexan consecuencia de actitudes teimadas e insidiosas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Facer un estudo das distintas posibilidades existentes así como dos requirimentos necesarios, que sería presentado os grupos non máis tarde do vindeiro pleno ordinario.
2. Transmitir vía internet tódolos plenos da corporación a partir de maio

A continuación vótase o asunto.

Votacións:

Votos a favor: 17

6 BNG

5 PP

4 PSdeG-PSOE

2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Resultado: Maioría Absoluta

Adopta este acordo:

1. Facer un estudo das distintas posibilidades existentes así como dos requirimentos necesarios, que sería presentado os grupos non máis tarde do vindeiro pleno ordinario.
2. Transmitir vía internet tódolos plenos da corporación a partir de maio

11. MOCIÓN DE PROPOSTA SOBRE O PROCESO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 17
6 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Resultado: Maioría Absoluta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un feito constatado que o modelo económico vixente favorece que as rendas do capital medren sin parar en detrimento das rendas do traballo, que merman tamén de xeito continuo. Froito deste modelo, no estado español, os rentistas a pesar de ser poucos, posúen máis riqueza que os traballadores, que somos unha enorme maioría. Porén á hora de tributar, de cada dez euros recadados, aproximadamente oito proveñen das rendas do traballo.

Isto non é así polo orde natural das cousas, aínda que as elites así nolo presenten, ó contrario, é froito de decisións moi ben pensadas, plasmadas en disposicións legais, en beneficio duns poucos. A moción que hoxe presentamos ó pleno vai na dirección de intentar revertir feitos que van nesta mesma dirección.

No 2013, o Ministerio de Facenda, co fin de sanear as contas dos concellos, regula un proceso de revisión catastral que, unha vez máis, intenta recadar máis entre os que menos teñen. Esta revisión consiste, fundamentalmente, en catastrar todas as fincas do rural, así como dar de alta bens e instalacións de natureza rústica catalogadas como vivendas ou almacéns. Isto ten como consecuencia que as explotacións agrarias se verán incluídas no Imposto de Bens Inmóbles (IBI) e, por tanto, pasarán a pagar esta taxa as explotacións que até agora estaban exentas de facelo.

Este proceso, que para o caso de Rianxo xa saíu publicitado no BOE o pasado 22 de febreiro, se terá que estar rematado para finais de xullo, suporá para moita xente, especialmente nas zonas rurais, un incremento no seu recibo anual da contribución ao incorporarse ó catastro moitas construcións típicas do rural, como poden ser, alpendres, hórreos, invernadoiros, galiñeiros....etc. A alta darase de oficio por Catastro e aplicárase de xeito automático unha taxa de regularización por importe de 60€ por cada propiedade regularizada. Ademais a incorporación ó catastro de ditos inmóbles terá efectos no patrimonio dos contribuíntes ó computárselles os mesmos para calquera axuda social, como poden ser, as bolsas de estudos ou calquera outra prestación social para as que se teña en conta a situación patrimonial dos beneficiarios/as. Todo isto sin que despois de dous meses o concello tomara iniciativa algunha. Tal e como recolle o artigo 74 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este permite executar bonificacións potestativas. Ademais establece que os concellos, mediante unha ordenanza, poderán regular bonificacións de até o 95% da cota íntegra do imposto. Esta bonificación pode aplicarse a favor dos inmóbles en que de desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento da ocupación.

Do mesmo xeito, a normativa permítelle a cada concello decidir o tipo de gravame a aplicar sobre o valor catastral, que pode variar entre o 0,3% e o 0,9% para bens inmóbles rústicos.

O RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non permite aos concellos o establecemento de bonificacións no imposto sobre bens inmóbles nas que se teña en conta a situación económica e social dos contribuíntes, tales como, o paro de longa duración, a xubilación, a discapacidade,...etc. Polo que dende a nosa organización consideramos necesario trasladar ó goberno do Estado a necesidade de contemplar estes supostos na nova normativa cuxa tramitación parlamentaria se desenvolverá na vindeira lexislatura.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Solicitar ao Ministerio de Facenda a paralización do proceso de regularización catastral nos concellos galegos.
2. Que o concello habilite unha oficina de información catastral cun horario amplo (mañá e tarde) para informar e asesorar á veciñanza sobre o mesmo.
3. Establecer unha bonificacións de até un 95% da cota íntegra do IBI para os bens en que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras. Dita bonificación irá en relación co tamaño e a realidade de cada explotación.
4. Modificar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do concello de Rianxo para fixar o tipo de gravame mínimo do 0,3% para os bens inmobles rústicos.
5. Solicitar á Xunta de Galiza e o Goberno do Estado a exclusión do cómputo patrimonial dos bens inmobles afectos á actividade agraria, gandeira ou forestal aos efectos da baremación patrimonial para calquera axuda de carácter social, como poden ser, entre outras, as bolsas de estudos. Asemade, o concello de Rianxo tamén adoptará esta medida nas axudas sociais que sexan da súa competencia.
6. Solicitar ó Goberno do Estado a necesidade de contemplar na nova normativa reguladora das Facendas Locais, a inclusión de bonificacións potestativas no IBI que permitan ter en conta a situación económica e social dos contribuíntes, tales como, o paro de longa duración, a xubilación, a discapacidade,...etc.

Ábrese un debate nos que os distintos grupos políticos defenden a súa postura a favor da moción excepto o Partido Popular que defende a súa abstención.

A continuación vótase o asunto.

Votos a favor: 12

6 BNG
0 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 5

0 BNG
5 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Adopta este acordo:

1. Solicitar ao Ministerio de Facenda a paralización do proceso de regularización catastral nos concellos galegos.
2. Que o concello habilite unha oficina de información catastral cun horario amplo (mañá e tarde) para informar e asesorar á veciñanza sobre o mesmo.
3. Establecer unha bonificacións de até un 95% da cota íntegra do IBI para os bens en que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras. Dita bonificación irá en relación co tamaño e a realidade de cada explotación.
4. Modificar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do concello de Rianxo para fixar o tipo de gravame mínimo do 0,3% para os bens inmobles rústicos.
5. Solicitar á Xunta de Galiza e o Goberno do Estado a exclusión do cómputo patrimonial dos bens inmobles afectos á actividade agraria, gandeira ou forestal aos efectos da baremación patrimonial para calquera axuda de carácter social, como poden ser, entre outras, as bolsas de estudos. Asemade, o concello de Rianxo tamén adoptará esta medida nas axudas sociais que sexan da súa competencia.
6. Solicitar ó Goberno do Estado a necesidade de contemplar na nova normativa reguladora das Facendas Locais, a inclusión de bonificacións potestativas no IBI que permitan ter en conta a situación económica e social dos contribuíntes, tales como, o paro de longa duración, a xubilación, a discapacidade,...etc.

12. MOCIÓN DE PROPOSTA DE PROHIBICIÓN DA UTILIZACIÓN DE GLIFOSATO NO NÓSO CONCELLO POR PARTE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 17

6 BNG

5 PP

4 PSdeG-PSOE

2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Rianxo en Común-SON

Resultado: Maioría Absoluta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos tempos de cambios acelerados en xeral e moi particularmente no rural. Estamos asistindo a unha completa desestructuración produtiva, ecolóxica e polo tanto tamén étnica. Temos utilizado en ocasións o termo demolición para referirnos os ataques frontais que os nosos gobernantes dirixen cara os modos de vida tradicionais, que necesitaban en moitos casos ser cambiados pero nunca destruídos.

O anterior leva a que aparezan problemas novos. A herba, o mato son un problema porque ó non ter uso expándense, e as moi poucas mans mozas que quedan no rural síntese en ocasións incapaces hasta de limitar un avance que en ocasións condiciona dun xeito negativo as súas vidas, e provoca neles unha certa sensación de angustia e abandono como en algunhas ocasións nos teñen manifestado.

Ante unha situación de necesidade e a falta de capacidade mecánica para enfrontarse ó problema, recórrase cada vez máis os medios químicos como única forma viable. Sin embargo este método pode crear máis problemas dos que soluciona porque está probado que acaba eliminando plantas que non queriamos eliminar e, sobre todo, ten efectos negativos sobre a saúde dos animais e das persoas.

Fai agora un ano, en marzo de 2015, a International Agency for Research on Cancer (IARC), que é o órgano da Organización Mundial da Saúde especializado en cancro, fixo unha valoración de varios produtos, entre eles o glifosato, que baixo fórmulas e marcas distintas e o herbicida máis utilizado, e colocouno no nivel 2 de cinco en relación á súa carcinóxénese. Estar neste nivel significa que hai unha evidencia incontestable de que provoca cancro en animais, e unha alta probabilidade de que o provoca tamén en humanos. Foi este nivel no que estivo durante moitos anos o tabaco antes de que sucesivos estudos demostraron inequivocamente a súa relación con determinados cánceres.

Debería polo tanto a poboación ter algunha información sobre estes estudos, e non deixar esta difusión na man das propias empresas fabricantes ou comercializadoras e dos medios de comunicación o seu servizo. Pero o que é xa inaplazable e que o propio concello, ou empresas que traballen para el, ou outras institucións como a Xunta e a Deputación, deixen de utilizar este produto no noso concello porque nos están sometendo a todos a situacións coñecidas de risco.

Por todo o anterior, O Grupo Municipal de Rianxo en Común propónlle o Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Facer unha campaña de concienciación sobre os potenciais riscos para a saúde da utilización do glifosato.
2. Prohibición da utilización de produtos que conteñan glifosato por parte dos traballadores ou empresas que traballen para o concello.
3. Facerlles chegar os órganos pertinentes do Goberno do Estado, da Xunta e da Deputación, a prohibición deste compoñente no noso término municipal.

Ábrese un debate nos que os distintos grupos políticos defenden a súa postura a favor da

moción, salvo o Partido Popular e a concelleira do BNG Raquel García Abuín que anuncian a súa abstención.

A continuación vótase o asunto.

Votacións:

Votos a favor: 11

5 BNG
0 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 6

1 BNG (Raquel García Abuín)
5 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Adopta este acordo:

1. Facer unha campaña de concienciación sobre os potenciais riscos para a saúde da utilización do glifosato.
2. Prohibición da utilización de produtos que conteñan glifosato por parte dos traballadores ou empresas que traballen para o concello.
3. Facerlles chegar os órganos pertinentes do Goberno do Estado, da Xunta e da Deputación, a prohibición deste compoñente no noso término municipal.

13. MOCIÓN PARA DECLARAR RIANXO CONCELLO OPOSTO O TRATADO TRASATLÁNTICO DE COMERCIO E INVERSIÓN (TTIP)

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 17

6 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A UE e os EEUU negocian dende xuño do 2013 un tratado de libre comercio e inversións, o TTIP. Anteriormente a UE finalizou as negociacións do outro tratado, o CETA, con Canadá que está a espera da súa ratificación por parte do Parlamento Europeo. As negociacións actuais do TTIP caracterízanse pola súa absoluta falla de transparencia, que reflexanse na súa nula presenza como noticia nos grandes medios de comunicación.

O obxectivo de estes tratados é establecer un grande mercado transatlántico de máis de 800 millóns de persoas que consagraría o dominio das grandes corporacións transnacionais europeas e norteamericanas no detrimento dos cidadáns de ambas-las partes do océano. Se ben os seus defensores argumentan que son positivos para reactiva-la economía a realidade e que estes tratados pretenden conseguir maior combatividade exterior a costa de rebaixar ou elimina-las regulacións laborais, sociais, económicas, sanitarias, educativas, culturais e ambientais, xa duramente atacadas polas sucesivas reformas habidas no noso Estado.

Non en van, foron as multinacionais- Industria automobilista, químicas, farmacéuticas e agroalimentarias, enerxéticas, bancos, fondos de inversións, etc.,- a ambos lados do Atlántico as que máis presionaron para impulsar estas negociacións. (O 90% das negociacións déronse con lobbies de estas).

Dado que os aranceis entre a UE e EEUU son xa moi baixos o tratado centrarase na eliminación de leis co fin de reducir custos para as multinacionais, as chamadas barreiras non convencionais. Así este tratado pódese desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria, supondo tamén unha mingua nas liberdades dixitais. Para elo xerárase o “consello de cooperación reguladora” onde sentaranse profesionais designados polas multinacionais e que marcarán as futuras normativas a crear polos estados.

Un dos capítulos máis polémicos, é a de la protección das inversións, pola cal calquera inversor privado Internacional pode desafiar, ante tribunais comerciais (pouco transparentes e pouco democráticos) calquera lexislación (ambiental, laboral ou social) que interfira os seus beneficios. Por exemplo unha regulación sanitaria para prohibir-lo uso de sustancias tóxicas pode ser obxecto de demanda.

Queremos denunciar, a súa vez das posibles consecuencias que máis abaixo enuméranse, a opacidade e o nulo debate con que estanse levando estas negociacións. Non hai debate

porque este tratado estase a negociar na sombra, sen ter en conta os gobernos estatais nin a cidadanía.

Tras varias rondas de negociacións a transparencia e a comunicación con a sociedade civil foron nulas. Os propios Eurodiputados viron limitado o seu acceso os documentos derivados das negociacións, feito o cal contou con a denuncia da propia defensora do pobo europea. En setembro do 2014, a Comisión Europea prohibiu unha Iniciativa Lexislativa Popular que invitaba a rexeitar as negociacións.

Fronte a comunicación fluída e constante con as grandes multinacionais, toda comunicación con a sociedade civil por parte da Comisión Europea limitouse a obvia-las críticas e repetir, sen diálogo algún, as supostas bondades do TTIP. As consecuencias das posibles ratificacións de estes dous tratados –e o de TISA, acordo sobre servizos en fase de negociacións entre algúns países da OCDE afectarían a amplos sectores da poboación a ambos lados do Atlántico, posibilitando políticas que ameazarían:

- Os dereitos laborais como a liberdade sindical ou a negociación colectiva.
- A supervivencia de servizos públicos como a sanidade, a educación ou pensións.
- A xestión dos residuos, transporte o saneamento e distribución de augas que serían privatizados.
- A seguridade alimentaria o permitir-los transxénicos na agricultura, o gando vacún hormonado, o porcino e o aviar clorados.
- Os recursos naturais, potenciando o fracking e importando produtos altamente contaminantes como as arenas bituminosas.
- A biodiversidade o apostar pola agroindustria que implica perdas de variedades locais e razas autóctonas e a paulatina desaparición das paisaxes rurais.
- O principio de precaución sobre o uso de sustancias químicas o deixar de controlala súa seguridade antes da obtención do permiso comercial.
- A privacidade persoal o permitir un maior acceso e control sobre datos privados por parte de empresas provedoras de internet e outras grandes corporacións sectoriais.
- O acceso os produtos farmacéuticos o reforzar-las patentes fronte os xenéricos.
- A posibilidade de mecanismos de control bancario que eviten novas crises especulativas.

Para conseguilo, estes tratados contemplan a implantación de dous mecanismos antidemocráticos que aseguren o que os negociadores chaman a “harmonización normativa” que non é máis que unha regulación a baixa da lexislación vixente.

Por un lado, o Consello de Cooperación Reguladora, unha especie de goberno das transaccionais que ditaminará o que se pode ou non se pode legislar en asuntos que afecten os seus intereses e, por outro, o mecanismo ISDS de resolución de conflitos entre empresas e estados, que garanta as inversións –e as súas previsións futuras de beneficios- de calquera empresa ante potenciais políticas proteccionistas ou de control legislativo, conflitos que haberían de resolvelos tribunais privados de arbitraje fora de todo control democrático. En definitiva estes tratados, baixo o disfraz da mellora da economía e o emprego, ademais de apuntar a mellora da conta de resultados das grandes empresas, permitirán a paulatina e perversa apropiación do poder político e xudicial por parte do poder económico das grandes corporacións transaccionais.

Así, en virtude do anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Declarar Rianxo como municipio oposto o TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.
2. Solicitar o parlamento Español e a os Eurodiputados electos o su rechazo a aprobación do TTIP.
3. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.

Ábrese un debate nos que os distintos grupos políticos defenden a súa postura a favor da moción; coa excepción do PP, que considera que supón a apertura dun espazo comercial entre Europa e América que impulsará a economía.

A continuación vótase o asunto.

Votacións:

Votos a favor: 12

6 BNG
0 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 5

0 BNG
5 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Adopta este acordo:

1. Declarar Rianxo como municipio oposto o TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.
2. Solicitar o parlamento Español e a os Eurodiputados electos o seu rechazo a aprobación do TTIP.
3. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

14. PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015: RATIFICACIÓN DE R.A. DE

APROBACIÓN PROXECTO EMENDADO: PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 17

6 BNG

5 PP

4 PSdeG-PSOE

2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG

0 PP

0 PSdeG-PSOE

0 Rianxo en Común-SON

Tralo acordo plenario adoptado o 17/12/2015 ao respecto e efectuadas as emendas esixidas pola Deputación Provincial, ditouse a Resolución de Alcaldía que se indica co fin de axilizar a tramitación e ante a premura dos prazos de corrección.

Polo exposto, esta Alcaldía somete ao pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

ÚNICO

Ratificar a Resolución nº 174/2016 do 27/04/2016 cuxo texto é o seguinte:

<<O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión do 17/12/2015 adoptou o acordo de inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial a seguinte obra:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS	201.413,89	20.130,38€	221.544,27

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse o requirimento de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña, corrixíndose no proxecto de emenda presentado o 11 de abril de 2016, e subido a plataforma Subtel da deputación.

Visto que os cambios introducidos no proxecto a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excma. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto técnico en que se recollen cos cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS	201.413,89	20.130,38€	221.544,27
TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO: AMANCIO LOSADA VICENTE			

SEGUNDO

Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015.>>

A continuación ábrese unha quenda de intervencións.

Os grupos anuncian o seu voto a favor.

A continuación vótase o asunto.

Votacións:

Votos a favor: 17
6 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Adopta este acordo:

ÚNICO

Ratificar a Resolución nº 174/2016 do 27/04/2016 cuxo texto é o seguinte:

O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión do 17/12/2015 adoptou o acordo de inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial a seguinte obra:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS	201.413,89	20.130,38€	221.544,27

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse o requirimento de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña, corrixiéndose no proxecto de emenda presentado o 11 de abril de 2016, e subido a plataforma Subtel da deputación.

Visto que os cambios introducidos no proxecto a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto técnico en que se recollen cos cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN DIVERSAS RÚAS E VIAIS DO CONCELLO DE RIANXO: CARRETERA DE TANXIL E OITO MAIS	201.413,89	20.130,38€	221.544,27
TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO: AMANCIO LOSADA VICENTE			

SEGUNDO

Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan de acción social (PAS) 2015.

15. ROGOS E PREGUNTAS

Por trasapelarse as notas que o secretario tomou sobre este punto da orde do día non se transcriben.

Ás 20:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, luns 27 de xuño de 2016

O secretario, Dalmiro Núñez Méndez

O alcalde, Adolfo F. Muíños Sánchez